



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) participa activamente na I Edición da Convocatoria para Emprendedores do Programa “**Vodafone Connecting for Good Galicia**”. Esta iniciativa ten como **finalidade** apoiar a **emprendedores e pemes de recente creación**, cuxos proxectos de negocio contribúan á innovación social a través do impulso e uso das tecnoloxías da información e comunicación en Galicia. Trátase, polo tanto, dunha acción máis dentro do noso programa de apoio á captación de talento e á aceleración do emprendemento innovador.

O xurado desta I Edición, composto por representantes de Vodafone, a Fundación Vodafone e a Xunta de Galicia, a través de GAIN, AMTEGA e IGAPE, vén de seleccionar, de entre as máis de 40 candidaturas recibidas, 6 proxectos. Nesta selección tívose en conta o **carácter innovador, o público obxectivo, o equipo de traballo, así como a viabilidade e accesibilidade** dos proxectos. Estes son os seleccionados:

- **Insulclock**, que mellora a calidade de vida das persoas con diabetes tratadas con insulina, creando un dispositivo electrónico que se axusta facilmente á pluma de insulina e almacena automaticamente toda información relativa á administración desta: hora e día, dose e tipo de insulina.
- **Robobo**, unha ferramenta educativa de alto contido tecnolóxico que facilita a utilización de robots na aula, promovendo a adquisición de competencias básicas por parte do alumnado.
- **MyKeeper**, un proxecto que integra dous dispositivos ideados para facilitar a tarefa do coidador de enfermo de Alzheimer ou demencias similares: un sistema de localización integrado nun reloxo/pulseira e un sistema de alertas ao familiar ou coidador.
- **Phottic**, que recupera as historias do mundo a través da fotografía, onde a xente moza achega o coñecemento tecnolóxico e a xente maior a historia

das imaxes. Atrai o interese da terceira idade, converténdose nun proxecto de alfabetización de maiores.

- **PsicoVR**, un software desenvolvido para lentes de realidade virtual (RV) e destinado ao tratamento psicolóxico de fobias, tensións ou pánico.
- **Xesmar**, unha aplicación web que permite mellorar a xestión, organización do traballo e acceso á información no colectivo de mariscadores das confrarías de Galicia.

Estes seis proxectos beneficiaranse dun **plan de formación e capacitación** de seis meses de duración e dun **patrocinio de 2.000 €** outorgado por GAIN, para a posta en marcha dos seus proxectos de emprendemento, e poderán acceder a unha axuda para a formación e contratación dunha persoa con discapacidade que se incorpore ao seu equipo.

Ademais, o seleccionado como mellor deles, recibirá unha **axuda 25.000 €**, a través de GAIN, e un **préstamo participativo de ata un máximo de 25.000 €**, a través de XesGalicia. Vodafone outorgará o **Premio “Conectados pola Accesibilidade”**, cunha dotación de 10.000 €, ao proxecto que mellor incorpora os principios de accesibilidade universal.

Podedes obter máis información deste programa no seguinte **enlace** e coñecer esta e outras iniciativas a través do enderezo electrónico **servizos.gain@xunta.gal**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.